

ANTOLOXÍA: RELATO

A BUSCA

Luís chegou un chisco máis tarde do que adoitaba. Deseguido, pousou as sandalias no último banzo das escaleiras, baixou dun chimpó e camiñou decidido, dirixíndose a un lugar concreto. Ao seu paso, trazaba un regueiro de pegadas sobre a area mollada.

O tripar era áxil, e a súa silueta, aínda que en extremo lánquida, apuntaba firmeza. Sen erguer a vista, acenou co brazo a modo de saúdo. Berta e Rosa responderon dende a ourela. Luís desengruñou a bolsa de lixo que levaba apreixada na axila e abaixouse a carón dunhas rochas. Logo duns intres, reapareceu portando un pau. Achegándose a un feixe de algas, levantounas no aire, escudriñounas sacudíndoas do dereito e do revés e introduciunas na bolsa. De xeito análogo procedeu coa seguinte morea. Así, repetiu a operación ao longo da beira, apañando algas e outros desperdicios.

Un anaco máis adiante, Berta e Rosa espiaban os seus movementos. Un sol de feitío xeneroso ocupaba o centro do ceo. Reflectíndose nalgún cristal dos edificios do paseo, ás veces facíalles francir o cello. Porén, a airexa de Marzo infería un relento de xeo na pel. Luís avanzaba con rapidez, ensimesmado, aproximándose por momentos ao mar, que lle batuxaba os nocellos con suavidade.

- Bo día Luís! Xa pensabamos que non viñas. Oes, vixíanos, vale? Ten conta de que non nos pase nada.

Mentres Rosa e Berta mergullaban na auga, Luís chiscoulles o ollo. Pouco despois, inclinouse, de brazos nos xeonllos. Remexeu no xabre co garabullo e encrequense. Á fin, recolleu algo. Limpoulle a lorda e examinouno con meticulosidade. Deixando o pau e a bolsa alí mesmo, abandonou a praia.

Era un anel. Rosa e Berta, distraídas polo baño, non repararon en que liscara da praia sen limpala de todo por vez primeira en vinte anos.

- Hai dúas semanas que non o vemos. E iso que estes días fixo bo. Paréceme raro.
- Si. A miña cuñada tenme dito que viña aquí ata con temporal. Que lle pasará?
- Se cadra está enfermo. Aínda que antonte achegueime ás penas, onde gardaba o pau, e non o atopei.
- Non? Púidollo furtar un cativo ou un can, pero non creo. Tíñao ben agachado... e ademais, neste tempo, quen vén á praia?
- Ninguén. Nolas dúas, el e algunha vez a túa cuñada...
- É moi estraño que non apareza... Deberíamos facer algo?
- Algo como que?
- Non sei. Avisar á policía...
- Á policía? E que coñecemos del? O único que sabemos é que se chama Luís... e nin iso sabemos certo, senón de oídas.
- Si, tes razón... Na verdade, non lembro que nos dirixise a palabra dende que vimos por aquí...
- Procuraba o pau, recollía os refugallos e marchaba...
- Eu ata coido que sempre levaba a mesma roupa.
- Ía moi maior xa, cantos anos tería? Setenta?
- A miña cuñada di que andaba preto dos setenta e cinco.
- Si? Pero a túa cuñada de que o coñecía?
- Pois un compañeiro do seu home, en paz descanse... un da fábrica, contoulle que o seu curmán ía con el ó percebe, alá por Suevos...

- Entón é de Arteixo?
- Si, si...
- Arrecarallo...

SUSPÉNDESE A BUSCA DA AFOGADA

L.B.S.- A Coruña- 19 Marzo de 1988

Transcorridos quince días da desaparición, os equipos de rescate decidiron dar por finalizada a busca do corpo de A.G.L., malia que non tiveron éxito. A muller, de corenta e cinco anos de idade, desapareceu tras presuntamente botarse abaixo por un cantil na zona de Suevos, no municipio coruñés de Arteixo, o pasado 4 de Marzo.

Os equipos de rescate sinalaron que os esforzos materiais e humanos para recuperar o corpo resultaron vans perante o temporal que xostregou as costas ártabras nos días posteriores ao suceso. De todos xeitos, indicaron que Salvamento Marítimo permanecerá alerta nas próximas semanas, atentos a calquera posible albiscamento que se poida producir.

HISTORIA DA CUNCA QUE HABÍA DE CAER

Xacinto deambulaba polo corredor aínda medio durmido. Esquecera acender a luz e o instinto levábao a avanzar ás apalpadelas. No seu inseguro paso, tentaba non bater co canto dun moble ou enganchar o pixama nun cadro. Ao cabo, notou o tacto da porta do baño, empurrouna levemente e premeu no interruptor. A enxurrada de luz fíxolle entornar as pálpebras. Poñéndose en cirolas ante o retrete, decatouse de que non tiña gana de mexar. Amolado, engurrou o cello e cotifou na caluga, preguntándose que hora sería. Así e todo, coma se andase apurado por algunha obriga á que atender, accionou a billa do lavabo e enchoupou a faciana e a noca. Despois de se secar, observou no espello o seu pelo en crechos e unha lagaña incrustada na beira do ollo esquerdo. Non habían ser máis das nove, quizais antes. Polo común, avezaba erguerse arredor da unha. De ser posible, prefería non madrugar. A quenda no choio dáballe marxe. Ata as catro non entraba.

Algo máis esperto, dirixiuse á cociña. O click clack do reloxo en forma de gato indicáballe as oito e cuarto. Non coñecía o motivo, mais por riba de saciar o sono, sentía a necesidade de facer un café con leite. Normalmente, prefería té. O café apreciábaselle forte de máis. Se cadra por mor da falta de costume, pero caíalle como unha lousa no estómago. Ademais, púñao durante horas nun estado que lle alporizaba os nervios. Así mesmo considerou apropiado, en contra do seu hábito de quentar as infusións nun cazo, empregar o microondas. Abrindo o paquete de café instantáneo, percibiu o seu cheiro exíguo, como apreixado. Comparouno co voluptuoso fedor do café de Quenia que preparaba cando tiña visitas. Mais para o café de Quenia precisaría da vella cafeteira, e algo lle inducía, non sabía dende onde nin por que, a coller unha cunca, botarlle leite e introducila no microondas. O obxecto deste modo de proceder

presentábaselle xa albiscado nos miolos, mais aínda non reunira azos abondo para o discernir.

Guiado por esta estrañeza de espírito, colleu do andel unha cunca e pousouna no mármore da cociña. Despois, sacou da neveira un cartón de leite xa comezado. Apertándoo e achegándoo ao nariz, percibiu un bafo ácido, mais estimouno aínda comestible. Ou, se cadra, unha certeza a cada volta máis obvia suxeríalle que tanto tiña se o leite estaba en bo estado.

Inclinando o cartón, paseniño, foino verquendo na cunca. Mentres a albura do líquido cubría a superficie verde, Xacinto caía na conta, con total clareza, do propósito último e seguro do que viña facendo. Deste xeito, a evidencia do ditame ao que estaba sometido facía que se sentise violentado, coartado na súa íntima liberdade.

Ao rematar de encher a cunca, ficou meditabundo. Parecíalle absurdo que ata o momento fose incapaz de se rebelar ante aquel designio imposto. A cunca habíasele caer. O feito representábaselle diáfano, inelutable nos vindeiros segundos. Case a sentía escorregar por entre o tremor dos seus dedos cómplices. Vía as redondeces do recipiente en caída libre, deica bicar o chan e se esnaquizar. Ao cabo, sen darlle moitas máis voltas, optou por se facer coas rédeas e finalizar de vez coa sucesión de aconteceres. Así, agarrando a cunca coas ambas mans, ergueuna sobre a testa, palpablemente co ánimo de a arrebolan encol do chan. Porén, no instante en que o obxecto se elevaba no punto máis alto, e coa inercia do movemento ascendente, Xacinto advertiu como o esvaradío contorno fuxía, voando ceibo polo ar.

Ao esnafrar contra a parede, volvendo a escachar no chan, a cunca diseminouse en miúdos cachos, armando unha barafunda a repercutir con dobre intensidade no silencio da mañá.

Xacinto contemplou a conxuntura. Os anacos verdes de cerámica facían contraste na superficie de azulexos brancos. Media cociña estaba enzoufada en leite, co principal charco reptando devagar cara ás súas zapatillas. Xacinto foi polos aparellos de limpeza e recolleu a desfeita, con paciencia.

Xa de volta na cama, caviloso, preguntouse se o feito de que el mesmo decidira romper a cunca, sen agardar o suceso casual, arredaba os acontecementos da inexorabilidade da vontade allea que o parecía manexar, ou se, pola contra, fora a propia vontade quen impulsara o desenlace de principio a fin. Ponderando unicamente os datos obxectivos, o resultado fora idéntico.

Malia todo, ao pouco de se mergullar na quentura das mantas, Xacinto non tivo dificultade en caer nun sono fondo.

O DOCUMENTO

- Explíquemo, porque non o entendo. Que clase de dexenerada é? Roubar un cadáver do tanatorio, levalo ao monte e gravar como se fose un documental mentres o devora unha manda de lobos. E logo presentar as probas...
 - Cal é a pena polo que fixen?
 - Nin idea, probablemente o xuíz teña que improvisar.
 - Hai un documento.
 - Un documento?
 - O fillo.
 - Que fillo? Explíquese.
 - O fillo tamén morreu.
 - E?
 - O fillo ofrecía a herdanza a quen... Saberá, eran xente de posibles.
 - Si. Continúe.
 - Imaxino que preparou o accidente. Despois, cando se lese o documento ante os herdeiros... algún, cobizoso...
 - Por que diaños...?
 - Iso xa non llo sei. Cousas de familia, supoño.
 - E como o descubriu?
 - Meu exmarido era pasante da notaría. Accedeu ao documento por erro.
- Ricachos, dicíame. A necrolóxica vira no xornal, e adianteime.

O inspector consultou a hora. Apurándose un chisco, chegaría á timba de mus. E o fillo? A saber, sería un tarado animalista. Ou o pai un cabrón ou o maltrataba ou eran masóns ou do OPUS ou o carallo de picas. Tanto tiña. Definitivamente, había xente con sorte.

O TACTO E O VERBO

Ao penetrar no corredor, os lampos dunha sucidade uniforme, sen sombras, substituíron a luz natural de fóra. O murmurio dos seus pasos, foise esmorecendo coma en chan aveludado. Ao chegar á bifurcación, abriu a porta do fondo.

- Onde está?
- O que?
- O que veño procurar.
- Ignóroo.
- Si o coñeces, non o negues.
- Xuro que non.
- Está riscado en todas partes que o coñeces.
- As riscaduras erran.
- Estas non. Só dime onde está.
- Non coñezo nada alén deste cuarto.
- Daquela ten que estar aquí.
- O cuarto é pequeno e limpo, é difícil agochar calquera cousa.
- E iso?
- Isto non o agocho. Endexamais o agochei.

O cabelo da rapaza descendía liso sobre os seus ombros, a lle cubrir os seos. El estendeu a man, mais axiña a paralizou. O que durou o intre, mantívose impedido, a fronte inzada de pregos incrustos e areíñas de suor.

Cando decidiu entrar de novo no cuarto, aínda sentía a calor nas fazulas. A rapaza xa non estaba. A pátina grisalla en derredor facía máis intenso o recordo rosado da súa

pel. El axeonllouse e esforzou o ollo, á esculca dalgún sinal. O chan amosaba a mesma textura e o mesmo desamparo gris. O feitío escuálido non ofrecía dúbidas.

Amolado, abaixou o nariz e uliscou por onde estivera a rapaza. O cheiro tamén liscara.

A monotonía abandonada das arestas do cuarto apreciábaselle en ton de burla. Ao volverse, recoñeceu o Tacto, que o observaba con xesto apático.

Ao terminar do peito outra vez, unha mestura entre a presenza da rapaza e a presenza do Tacto confundíuselle nun calafrío dorsal. Virou o pescozo e apreciou a dirección da saída aínda máis gris. Non había indicio das súas pegadas. Todo era corredor. Xeometrías cuadriláteras de luz epicena. O silencio facíase intratable. A ausencia de matices deslustraba os ángulos en cinza. A boca, víñase auga.

Como estatua de sal, contemplou a porta pechada, mais xa non porfiaba na rapaza, senón no Tacto e no Verbo. Moi amodo, do revés, igual ca os caranguexos, comezou a arrastrar os pés cara a atrás, sen arredalos do chan. Ao pouco, rozou cun ombro na parede. Afastándose con arrepío, permaneceu un intre suspenso, como encarándose descontra unha pantasma. Despois, de faccións escalabradas, levou os cotenos á boca e trabou neles a conciencia, de cabeiros espidos.

Así, co sangue a lle pingar polo queixo, botou a correr en dirección á saída. O Tacto e mailo Verbo, ao fondo, agardábano impávidos.